

Expediente núm.: 1813/2022

Actividade: Planificación e ordenación de persoal

Procedemento: Planificación e ordenación de persoal

Asunto: Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Concello do Pereiro de Aguiar para o financiamento do Programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia no exercicio 2022

Categoría profesional: Auxiliar de axuda no fogar

RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

ASUNTO: Listado definitivo de admitidos/as e excluídos/as na selección de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar na categoría profesional de (2) Auxiliar de axuda no fogar.

Examinadas as solicitudes presentadas para participar no proceso selectivo de persoal laboral temporal no Concello do Pereiro de Aguiar, de dous/as (2) Auxiliar de axuda no fogar, ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e o Concello do Pereiro de Aguiar para o financiamento do Programa integral de envellecemento activo e prevención da dependencia no exercicio 2022, cuxas bases foron aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2022 – 0697 de data 06.09.2022, e posteriormente publicadas na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar e na súa páxina web con data 06.09.2022.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes con data do 09 de setembro de 2022 e tendo en conta as alegacións ou reclamacións presentadas en prazo polos/as aspirantes excluídos/as da lista provisional de admitidos/as, consonte co disposto nas devanditas bases de selección

RESOLVO

Primeiro.- Admitir as alegacións e/ou reclamacións dos/as seguintes aspirantes:

- I. Presenta fotocopia do título académico esixido (artigo 3º e 5º das bases):
 - Estévez Lamas, Marina 592

Segundo.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo dos/das seguintes aspirantes:

LISTA DE ADMITIDOS/AS:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	DISCAP.
1	Álvarez Pérez, Minerva María	453	Si	-
2	Castro Ares, Patricia	782	No	-
3	Domínguez González, Rosa María	972	Si	-
4	Estévez Lamas, Marina	592	Si	-





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

5	Fernández Fernández, Ana Isabel	491	Si	-
6	González Gándara, M ^a Inmaculada	746	Si	-
7	Pérez Formoso, Pilar	477	Si	-
8	Pérez Martínez, Lorena	888	Si	-
9	Rodríguez Amoedo, Eva	632	Si	-

LISTA DE EXCLUÍDOS/AS:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEG O	DISCAP.	MOTIVO
1	Gómez Rodríguez, Noemí	602	Si	-	Non acredita o certificado de recoñecemento de competencia profesional (Artigo 3 e 5 das bases)

Terceiro.- O tribunal que xulgará estas probas selectivas será o seguinte:

Tribunal titular:

Presidente/a: José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretario/a: Yajaira Lage Blanco, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: Sonia María Nespereira Rodríguez, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.
Ana Belén Belmonte Ferreiro, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.
María José Laso Dopazo, administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.

Tribunal suplente:

Presidente/a: Concepción Bolaño Nóvoa, técnico de xestión do Concello do Pereiro de Aguiar.

Secretario/a: Marina Sara González Soto, asesora xurídica en asuntos de urbanismo e demais servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Vogais: Luisa María López Pérez, arquitecta municipal do Concello do Pereiro de Aguiar.
María del Pilar Conde Lorenzo, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar.
José Antonio González Gallego, encargado de obras e servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

Cuarto.- Sinalar o vindeiro día **16 de setembro de 2022, ás 09:50 horas**, para a constitución do Tribunal Cualificador das probas selectivas e valoración de méritos das devanditas prazas, nas instalacións do Concello do Pereiro de Aguiar (Salón de Plenos), sito en Praza do Concello, nº 1 – Concello do Pereiro de Aguiar (Coordenadas Google Maps: 42.3508076,-7.8030506,16).

Quinto.- Sinalar o vindeiro día 16 de setembro de 2022, nas instalacións do Concello do Pereiro de

Concello do Pereiro de Aguiar

Piza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988259385. Fax: 988259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0725 Data: 15/09/2022



Cod. Validación: 6NHLM7X5N8J6YPM9QHMP2M5M9 | Corrección: https://concelloperero.sedelectronica.gmi/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Aguiar (Salón de Plenos), para a realización da seguinte proba:

- Ás 10:00 horas para a realización da entrevista curricular de carácter obrigatorio e eliminatorio. A entrevista versará sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no temario das bases de selección (artigo 8º das Bases).
- Ás 10:45 horas para a realización da proba de galego, para aqueles aspirantes non exentos (artigo 9º das Bases).

Sexto.- Os/as aspirantes deberán comparecer provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, e bolígrafo.

Sétimo.- Dada a urxencia das contratacións, por tratarse dun programa subvencionado, o Concello chamará telefonicamente os/as aspirantes que figuran admitidos na presente resolución para comunicarlle a data, hora e o lugar no que deberán presentarse para a realización das anteditas probas.

Oitavo.- Publicar a presente Resolución de relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, na sede electrónica e na páxina web deste Concello do Pereiro de Aguiar.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 do 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Así o acorda o Sr. alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como secretario – Interventor dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O alcalde,
Luís Menor Pérez

O secretario – interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2022-0725 Data: 15/09/2022



Cod. Validación: 6NF-LMTX5N8J8YPM8CQHMP2M5M9 | Corrección: <https://concelloperreiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

